

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

Corrección de erro material na oferta de emprego público do Concello de Carballo do ano 2022 (OEP 1/2022). aprobado en XGL 07/11/2022

#### ANUNCIO

**CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO DO ANO 2022 (OEP 1/2022). APROBADO EN XGL 07/11/2022.**

#### Antecedentes

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local de 09/05/2022 aprobou a oferta de emprego de persoal (OEP) para o ano 2022, que se refire, dun lado, á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, e doutra, á OEP ordinaria deste exercicio 2022.

O anuncio de aprobación da OEP foi publicado no BOP núm. 91 de 13/05/2022 (número anuncio 2022/2604).

**Segundo.-** Advertíronse erros materiais no Anexo ao dito acordo no que se refire á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, nos seguintes extremos:

**Apartado I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021):** Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016, táboa do persoal laboral fixo, fila 9, denominación: Ordenanzas conserxes instalacións deportivas, que ten o seguinte texto:

PERSONAL LABORAL FIXO			
Categoría profesional	N.º de prazas	Denominación	Acceso Libre
Grupo IV	4	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	DA 6ª Lei 20/2021

**Apartado I.B.- Sistema Concurso-oposición (Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2021),** Prazas de natureza estrutural que estean ou non nas RPT, plantillas ou outras forma de organización de recursos humanos e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, na táboa do persoal laboral fixo, que ten o seguinte texto:

PERSONAL LABORAL FIXO			
Categoría profesional	N.º de prazas	Denominación	Acceso Libre
Grupo IV	2	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2022

**Terceiro.-** O convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Carballo, cuxo texto definitivo foi aprobado por acordo plenario do 03/10/2018, e publicado no BOP núm. 60 do 28/03/2019, establece no seu artigo 80 os grupos profesionais e o grupo V equiparase co grupo de funcionario Agrupacións Profesionais (titulación: Certificado de Escolaridade), que, a súa vez, é a que se corresponde coas prazas de Ordenanza conserxe.

**Cuarto.-** Do exposto conclúese que a categoría profesional das prazas de Ordenanza conserxe e o Grupo V, polo que procede a corrección de erros advertida no citado acordo da Xunta de Goberno Local de 09/05/2022 polo que se aprobou a oferta de emprego de persoal (OEP) para o ano 2022, no que se refire á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, que queda **redactado nos seguintes termos, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2022 (punto 8):**

**I.- OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021.**

**Prazas do PROCESO DE ESTABILIZACIÓN** derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el empleo público,

**I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021):** Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

**PERSOAL LABORAL FIXO**

<b>Categoría profesional</b>	<b>N.º de prazas</b>	<b>Denominación</b>	<b>Acceso Libre</b>
Grupo V	4	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	DA 6ª Lei 20/2021

**I.B.- Sistema Concurso-oposición (Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2021)**, Prazas de natureza estrutural que estean ou non nas RPT, plantillas ou outras forma de organización de recursos humanos e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

**PERSOAL LABORAL FIXO**

<b>Categoría profesional</b>	<b>N.º de prazas</b>	<b>Denominación</b>	<b>Acceso Libre</b>
Grupo V	2	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2022

Carballo, 10 de novembro de 2022

A 2ª tenente de alcalde

PD. Decreto 3049/2022 de 11/10/2022

Milagros Lantes Seara

2022/7086